

El Concello licita la ocupación de la Alameda para la Ascensión y el Apóstolo

SANTIAGO / LA VOZ

El Concello de Santiago ha publicado en el Boletín Oficial de la Provincia el anuncio de licitación del contrato por el que autorizará la ocupación de la Alameda para la colocación de puestos durante las fiestas de la Ascensión (del 5 al 20 de mayo este año) y del Apóstolo (del 18 al 31 e julio). El contrato, que abarca tanto el presente año como el 2019, establece que la cantidad a abonar al Concello será como mínimo de 99.627 euros, realizándose las ofertas al alza. Obviamente, el Ayuntamiento adjudicará el contrato a aquella oferta que le resulte económicamente más ventajosa.

De acuerdo con lo publicado el miércoles pasado en el BOP, los licitadores podrán presentar proposiciones en el Rexistro Xeral del Concello, de 9.00 a 14.00 horas, dentro del plazo de 15 días naturales a contar desde el día siguiente de la publicación del anuncio, por lo que ese período expirará el próximo 19 de abril.

El Gómez-Ulla alerta de que las alergias oculares sin tratar pueden provocar lesiones

SANTIAGO / LA VOZ

El Instituto Oftalmológico Gómez-Ulla pone el foco estos días sobre los riesgos que suponen las alergias oculares, una amenaza que se multiplica con la llegada de la primavera. Alrededor del 25 % de la población española padece conjuntivitis ocular en esta estación. Por eso, el Gómez-Ulla alerta de la importancia de consultar esas alergias cuando se manifiestan, ya que pueden derivar en lesiones importantes si no se tratan.

El doctor José Manuel Abalo subraya que «la primavera es una de las épocas del año en las que aumentan los agentes biológicos que están en el aire, lo que incrementa la incidencia de inflamaciones oculares estacionales. La automedicación y un diagnóstico erróneo son los principales enemigos que puede tener el tratamiento», explica. Entre los daños que pueden provocar esas alergias está el queratocono, una patología irreversible que si no se trata puede derivar en ceguera en sus estados más avanzados.

SUSANA CERQUEIRO DIRECTORA DE PROCESOS CON INGRESO DA ÁREA SANITARIA

«Operamos unha muller de 105 anos e iso hai uns anos nin se pensaba»

Destaca que o último verán se habilitasen os quirófanos de Conxo para rebaixar doentes que estaban en lista de espera

JOEL GÓMEZ
SANTIAGO / LA VOZ

«O CHUS é un centro moi cirúrxico. Fai intervencións de referencia para toda España, como a cirurxía da epilepsia, do párkinson, de tumores oculares e da superficie ocular complexa. Tamén o hospital de Ribeira destaca, a pesar de ter un menor tamaño e atender unha menor complexidade», afirma Susana Cerqueiro, directora de procesos con ingreso da área sanitaria de Santiago desde o 10 de marzo de 2017. A área cirúrxica está entre as súas responsabilidades.

—**¿As 30.641 intervencións do 2017 no CHUS, ou 35.009 de se acrecentaren as de Ribeira, son as cifras máis elevadas nun ano?**

—É a máis elevada desde que funciona a Xerencia de Xestión Integrada [comezou no 2011]. Esa actividade estivo favorecida porque se habilitaron quirófanos no verán en Conxo, que tiveron un impacto positivo para reducir as listas de espera.

—**¿Que servizos destacan máis?**

—Sobre todo traumatoloxía, oftalmoloxía, uroloxía, dermatoloxía e vascular, que foron os que máis medraron. Iso repercutiu na lista de espera. Así, traumatoloxía reduciu a demora media en máis de 23 días respecto ao ano anterior, é un dato moi relevante.

—**¿Que opera máis ese servizo?**



Cerqueiro asegura que no CHUS traballan para reducir o volume de operacións pendentes. PACO RODRÍGUEZ

—Ten unha actividade moi ampla. Fai moita cirurxía ambulatoria e outra máis complexa con hospitalización. Por exemplo *hallux valgus* [juanetes], túnel carpiano, artroscopias de xeonllo, ombro, raquis, próteses, tumores óseos, tamén intervencións pediátricas, entre outras.

—**¿Que se ten máis en conta para reducir a lista de espera?**

—A cirurxía ambulatoria, que aumentou un 4 % o último ano, e a programada, que se incrementou un 14 %.

«Asumimos ben os casos complexos que veñen aquí das áreas de Pontevedra e do Salnés»

Tamén aumentaron un 4 % as intervencións urxentes, aínda que estas non dependen de nós, temos que asumir o que se precise. O CHUS camiña cara a unha maior ambulatorización dos procesos, e máis que temos que incidir niso, nas salas de hemodinámica cardíaca, de radioloxía intervencionista, e outras. E iso é bo, porque os doentes non ingresan.

—**¿Canta cirurxía urxente se fixo?**

—Unhas 4.500 intervencións ao ano, entre Santiago e Barbanza.

«É difícil superar a actividade cirúrxica do último ano, o rendemento foi case do 80 %»

É unha cifra que se mantén bastante estable. Hai moita cirurxía xeral urxente, e tamén salienta en traumatoloxía, xinecoloxía, neurocirurxía, cardíaca ou otorrino.

—**¿Aumentarán as intervencións este ano?**

—É difícil superar a actividade cirúrxica do último ano, pois o rendemento dos quirófanos foi de case o 80 %, superior ao dato de calidade que pide o Sergas, que é do 75 %. Nesta área do hospital cada vez hai unha maior complexidade e solucións para complicacións de doentes crónicos e de idades máis avanzadas.

—**¿Como é iso?**

—Por exemplo, hai uns días operamos unha muller de 105 anos, e iso hai uns anos nin se pensaba.

«A ampliación do CHUS prevé dous quirófanos híbridos»

Susana Cerqueiro ocupou outros cargos directivos na área sanitaria de Santiago, con tres xerentes entre os anos 2002 e 2009; foi directora médica do Hospital do Salnés; e estivo catro anos na Consellería de Sanidade como subdirectora xeral de Avaliación asistencial e garantías.

—**A pesar das melloras a que se refire, a final do ano 2017 había 6.600 intervencións pendentes na área sanitaria. ¿Non son moitas?**

—Traballamos para mellorar iso, aínda que penso que é mellor indicador de boa xestión e calidade de reducir a demora para pasar por quirófano, e houbo avances niso nos últimos anos e agora hai unha menor espera.

—**Hai moito tempo que non se baixa das 6.000 intervencións cirúrxicas en espera na área sanitaria. ¿A que se debe iso?**

—A lista de espera é dinámica, inflúen diferentes causas, como que coincidan períodos de descanso. E depende tamén da dispoñibilidade de profesionais e da complexidade dos doentes. Aquí non se suspenden moitas intervencións, hai pouca reprogramación. Algúns días hai transplantes e non se suspende nada.

—**¿Hai suficiente capacidade para asumir a cirurxía complexa que se deriva ao CHUS das zonas de Pontevedra e do Salnés?**

—Si, asumimos ben os casos complexos que veñen aquí de

as zonas e para os que o CHUS é de referencia, e os datos así o evidencian. O cadro de persoal de cirurxía tamén aumentou os últimos anos e a colaboración dos profesionais é o principal valor.

—**Hai queixas porque en Santiago non se están a incorporar avances, como por exemplo quirófanos híbridos, que xa hai en Galicia.**

—Aquí está programada unha reordenación importante, pola construción que está prevista da nova Facultade de Medicina na zona do Hospital Gil Casares. Vai haber un plan funcional que consente novas dotacións e estruturas. A ampliación do CHUS prevé dous quirófanos híbridos e outras melloras tecnolóxicas,

que esixirán una maior e mellor especialización e formación do cadro de profesionais.

—**¿En que se notará esa reordenación dos recursos?**

—No incremento de quirófanos no Clínico, en máis unidades de hospitalización e tamén de salas para realizar actividade ambulatoria, como endoscopias. E os quirófanos híbridos favorecerán ter nunha mesma sala distinta tecnoloxía para facer ao mesmo tempo intervencionismo e non intervencionismo; teñen especial utilidade para servizos como cirurxía vascular, cardíaca, neurocirurxía, e outros que precisan compatibilizar as dúas técnicas para ter un maior rendemento.